

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE VIXILANCIA (SEGURIDADE PRIVADA) NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que os poderes públicos galegos deben garantir como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas ós servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

Asimesmo dita Lei no seu artigo 2 define os servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos establecidos na Lei de servizos sociais.

Dentro da estrutura básica dos servizos sociais e conforme ao establecido no artigo 10 da antedita Lei encádranse os servizos comunitarios básicos os cales teñen un carácter local , aberto e polivalente e constitúen a canle normal de acceso ao sistema de servizos sociais co que se garante a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias, ás familias e ao ámbito comunitario.

Os servizos sociais comunitarios básicos desenvolveranse desde os centros de servizos sociais polivalentes, por medio de equipos interdisciplinares e coas dotacións mínimas de referencia establecidas no decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG número 63, do 30 de marzo de 2012) , modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro (DOG número 228, do 27 de novembro).

Así dentro de dito marco créanse os centros de convivencia municipais, instalacións de referencia para a atención ao público que demanda os servizos sociais comunitarios básicos e deseñados para fomentar e promover a vida asociativa, o desenvolvemento social, cultural e de lecer; e, en xeral, o fomento da participación da cidadanía nos asuntos da comunidade.

CONSIDERACIÓNS

Coa finalidade de evitar situacións de conflito, permitir que os profesionais poidan desenvolver as súas funcións con normalidade, conxugar o dereito das persoas en relación cos servizos sociais e súa vez velar pola seguridade e protección dos traballadores municipais proponse a tramitación de expediente de

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

contratación dun servizo de seguridade privada conforme ao seguinte prego de prescripcóns técnicas:

CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O contrato ten por obxecto a prestación dun servizo de seguridade privada, sen armas, nos centros de convivencia adscritos aos servizos sociais e en concreto:

Centro de Convivencia FINGOI sito en Rd Fingoi 72

Centro de Convivencia SAGRADO CORAZÓN sito en Rúa Sagrado Corazón 27-29

Centro de Convivencia MILAGROSA sito en Rúa Montefaro 10.

Centro de Convivencia UXÍO NOVONEYRA sito en Rúa Quiroga Ballesteros 1.

Centro de Convivencia MARUJA MALLO sito en Rúa Primavera 37, entrada Carril das Hortas

Unidade de traballo social LAMAS DE PRADO sita en Rúa Aquilino Iglesias Alvariño 6

Centro de convivencia MARIA BALTEIRA, sita en Rúa Angelo Colocci 19 A

CLÁUSULA SEGUNDA.- CONDICIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

A prestación do servizo levarase a cabo con presenza física permanente, UN vixiante sen armas por centro de convivencia, no horario establecido, no interior das anteditas instalacións municipais en particular: no referente ao Cento de Convivencia de Uxio Novoneyra, no segundo andar, no Cento de Convivencia María Balteira nas instalacións vinculadas de xeito directo aos servizos sociais e no centro Maruja Mallo colaborará na supervisión e control de acceso e saída das persoas usuarias ao Centro de día e que se leva a cabo pola porta de acceso ao Centro Maruja Mallo, todo isto con independencia de que se exerza a vixianza e protección do resto das dependencias sitas en ditos edificios e do recinto acoutado dos ditos centros de convivencia.

O servizo de vixianza prestarase tódolos días do ano de luns a venres (non festivos) e sempre que en ditos períodos permanezcan abertas as instalacións municipais.

*Previsión días : 52 semanas*5 días =260 días -14 festivos anuais (máximo)- 24 decembro-31 decembro= 244 días, aproximadamente, posto que terá que terse en conta festivos locais , celebracións como Santa Rita o cal pode conlevar variacións.*

Horario:

De 8.30 ás 14.30 horas

CLÁUSULA TERCEIRA.- FUNCIÓNS

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVIZO VIXIANZA

As funcións do persoal vixiante de seguridade, consistirán en:

- Exeracer a vixilancia e protección de bens mobles e inmobles así como das persoas que poidan atoparse nestes, levando a cabo as comprobacións, rexistros e prevencións necesarias para o cumprimento das súas funcións.
- Efectuar controis de identidade no acceso e no interior de inmobles determinados ou recintos pechados, sen que en ningún caso poidan reter documentación persoal, pero si impedir a ditos inmobles. A negativa a exhibir a identificación ou a permitir o control de obxectos persoais, paquetería facultará para impedir o acceso ou para ordenarlles o abandono do inmovible (centro de convivencia) obxecto da súa protección.
- Evitar a comisión de actos delituosos ou infraccións en relación co obxecto da súa protección, realizando as comprobacións necesarias para prevenilos ou impedir a súa consumación, debendo opoñerse e intervir.
- Poñer inmediatamente a disposición das e dos membros das forzas e corpos de seguridade, ás e aos delincuentes, en relación co obxecto da súa protección, así como os instrumentos, efectos e probas dos delitos, así como denunciar as persoas que cometan infraccións administrativas. Non procederán ao interrogatorio se ben non se considerará como tal a anotación dos seus datos persoais para a súa comunicación ás autoridades.
- Efectuar a protección do almacenamento, reconto, clasificación e transporte do diñeiro, valores e obxectos valiosos.
- Levar a cabo, en relación co funcionamento de centrais receptoras de alarmas, a prestación de servizos de verificación persoal, resposta inmediata ás señais de alarma que se produzan e velará pola operatividade dos medios de seguridade de que dispoña o centro .
- Colaborar cos servizos de apoio exterior (Policía, Servizo de Bombeiros, Protección Civil, Servizos Sanitarios, etc) en relación cos plans de emerxencia e evacuación dos edificios públicos onde realicen as súas funcións.
- No referente á colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade:

O persoal de seguridade privada solicitará o auxilio dos corpos e forzas de seguridade cando as circunstancias o requiran, prestará todo tipo de colaboración coas ditas forzas de seguridade no exercicio das súas funcións, de acordo coa lexislación vixente e seguirá as súas instrucións en relación coas persoas, cos bens, instalacións de cuxa protección, vixilancia e custodia estivesen encargados/as en calquera situación na que sexa preciso aos efectos de mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.

Deberán comunicarlles ás Forzas e Corpos de Seguridade, tan pronto como sexa posible, calquera circunstancia ou información relevante

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

para a prevención, mantemento ou restablecemento da seguridade cidadá, así como o feito delituoso do que tivesen coñecemento no exercicio das súas funcións.

- O persoal de seguridade privada colaborará co persoal municipal nas seguintes tarefas:

Información, orientación, auxilio e control de entrada e saída das persoas usuarias dos centros.

Coidado e custodia das chaves.

Vixianza das dependencias comprendendo colaboración na apertura e peche dos centros, apagado e encendido de luces, comprobación de que non existan averías nas conduccións de augas, electricidade etc..

No cumprimento da normativa interna dos centros de convivencia.

CLÁUSULA CUARTA.- PERSOAL A EMPREGAR

A empresa adxudicataria uniformará pola súa conta ao persoal, e garantizará unha correcta uniformidade conforme á normativa vixente así o exercicio das funcións que se citan será desempeñado polas e polos vixilantes sen arma, dependentes da adxudicataria, vestindo o uniforme e amosando o distintivo do cargo que sexan preceptivos conforme á normativa vixente.

A adxudicataria achegará ao inicio da prestación do servizo a relación de garantías que conforman o uniforme, indicando a cor, características e distintivos que a identifican, aportando folletos onde aparezan fotografías que o documenten, así como relación do equipamento propio que portarán as e os vixiantes.

O persoal vixiante disporá, en todo momento, dos medios materiais e persoais suficientes en número e cualificación para atender os servizos de obxecto de contrato. Atoparanse en posesión da titulación e formación necesarias para a correcta prestación do servizo, contando coa cualificación esixible dentro do marco laboral vixente e garantizándose un procedemento formativo.

A empresa adxudicataria asumirá tódolos custos derivados da relación de dependencia co persoal, así como tódalas responsabilidades, tanto na execución do servizo, como en materia de persoal.

O persoal a empregar pola entidade prestadora non terá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de ningunha outra natureza, co Concello de Lugo, facendo constar, expresamente esta circunstancia nos contratos que suscriba.

Acreditado o cumprimento da lexislación e do convenio colectivo laboral, de aplicación ao servizo, a empresa adxudicataria, deberá cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo, referidas ao propio persoal ao seu cargo e respetar os convenios colectivos en vigor.

En ningún caso o Concello de Lugo se subrogará nas relacións contractuais entre a empresa adxudicataria e os seus traballadores/as ao finaliza-lo contrato calquera que sexa a causa e se proceda ou non a unha nova adxudicación. A

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

empresa contratista tamén velará para que non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de persoal traballador adscrito á execución do contrato.

A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiras persoas das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán de conta da empresa as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a él ou a persoal ao seu servizo.

Deberá contar, en todo momento, cos medios materiais e persoais suficientes en número e cualificación para atender o servizo obxecto de contrato. No caso de ausencias por enfermidade, permisos, sancións, incapacidades, vacacións ou por calquera outro motivo a empresa adxudicataria cubrirá inmediatamente as mesmas de xeito que se manteña permanentemente o número de traballadores/as de presenza física.

A entidade adxudicataria asignará a maiores un **delegado ou responsable do contrato**. Así as comunicacións dos técnicos/as municipais realizaranse, salvo casos de urxencias, a través de dito coordinador/a que será tamén o responsable de velar pola correcta execución do contrato, do cumprimento das normas laborais, da comunicación de calquera incidencia, modificación e demais obrigas establecidas nos presentes pregos. Manterá constantemente informado ao persoal técnico municipal, asumindo as directrices indicadas polo persoal técnico municipal a fin de lograr unha axeitada implantación e realización do servizo, e resolverá cantas incidencias poidan producirse durante o desenvolvemento do servizo, a tal efecto deberá dispoñer de conexión permanente cos Servizos Sociais Municipais mediante correo electrónico, fax, teléfono fixo e teléfono móbil e estar permanentemente localizable, en particular durante o horario de apertura dos centros.

CLÁUSULA QUINTA.- PRAZO E DURACIÓN DO CONTRATO

Inicialmente será de dous anos, e poderase prorrogar, mediante acordo expreso do Concello de Lugo, e coa conformidade da empresa adxudicataria, por períodos máximos anuais ata un máximo de dúas prórrogas.

Para estes efectos, a empresa adxudicataria comunicará por escrito, cunha antelación de tres meses a finalización do contrato ou das súas prórrogas a vontade de que sexa ou non prorrogado.

O Concello de Lugo adoptará acordo sobre a concesión e duración ou non da prórroga solicitada, que lle será comunicado á empresa adxudicataria para continuar co servizo ou dalo por finalizado nas datas fixadas no dito acordo.

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

CLÁUSULA SEXTA.- RELACIONES ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A EMPRESA CONTRATISTA

O Concello terá, en todo caso, as seguintes potestades en relación á execución do servizo:

- Marcar as directrices de organización e xestión do servizo.
- Ordenar as modificacións na realización do servizo que o interese público aconselle, e que lle serán comunicadas con antelación suficiente á entidade adxudicataria.
- Fiscalizar a xestión do servizo, inspeccionando as tarefas que estean a desenvolver para comprobar que son acordes coas indicacións dadas, pedir canta información sexa necesaria e dar as ordes oportunas para manter e restablecer debida calidade da prestación do servizo.

Serán obrigas xerais do contratista, ademais das contidas noutras cláusulas deste prego, as seguintes:

- Asumir a xestión do servizo con obxectivos claros de ofrecer un servizo de carácter social, que require unha permanente disposición organizativa, unha ampla flexibilidade e adaptación ás distintas situacións que poidan xurdir.
- Cumprir as ordes do Concello dadas pola persoa responsable municipal.
- Obter todas as autorizacións que sexan necesarias en cada momento para realización dos servizos obxecto do contrato.
- Contar, en todo momento, cos medios materiais e persoais suficientes en número e cualificación para atender os servizos obxecto de contrato, asumindo todos os custos derivadas da relación de dependencia do persoal, así como todas as responsabilidades, tanto na execución do servizo como en materia de persoal, que en ningún caso se considerará como persoal do Concello, acreditándose o cumprimento da lexislación e do convenio colectivo laboral de aplicación ó servizo vixente en cada momento tanto en materia laboral, de seguridade social como de saúde laboral.
- O persoal da entidade adxudicataria deberá manter sigilo e garantir a confidencialidade sobre a información, documentación e actuacións relacionadas coa prestación do servizo contratado, e obrigarse a cumprir estritamente co establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

na lexislación sobre sociedade de información, comercio electrónico e afíns. Neste sentido incluíranse cláusulas de garantía da confidencialidade sobre a información, os datos persoais e as materias antes citadas.

- Prohibírlles ó seu persoal aceptar calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte do público usuario.
- A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzcan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán de conta da empresa as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a él ou persoal ó seu servizo.
 - Así mesmo a empresa adxudicataria obrígase a cubrir as ausencias de persoal, con independencia do motivo de dita baixa, obrigándose a substituír de maneira inmediata ditas ausencias, dispoñer en todo momento do persoal esixido nos presentes pregos e notificando por escrito tódolos cambios de persoal.
 - A informar ós responsables municipais de calquer incidencia significativa que poida xurdir durante a xestión do servizo, así como de calquera incidencia que afecte ás instalacións municipais.
 - A empresa adxudicataria e o persoal que realiza a atención deberán evitar todo conflito persoal coas persoas usuarias, informando, de forma inmediata, ó persoal técnico municipal responsable dos posibles incidentes que xurdan.
 - A empresa adxudicataria obrígase a levar a cabo un rexistro diario de incidencias que comunicará de forma inmediata aos Corpos e Forzas de Seguridade e/ou servizos médicos cando sexa preciso.
- Será responsabilidade da empresa adxudicataria que o persoal vixilante:
 - a) leve a cabo as súas actuacións con base nos principios de legalidade, integridade, dignidade, protección e trato correcto ás persoas, reserva profesional sobre os feitos que coñezca no exercizo das súas funcións e que actúe con congruencia e proporcionalidade na utilización das súas facultades e dos medios dispoñibles.
 - b) no desenvolvemento das súas funcións deberá observar expresamente:
 - Dilixencia á hora de cumprir as normas establecidas.

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

- Cumprimento do horario establecido e puntualidade á hora de incorporarse e abandonar o servizo.
- Prohibición absoluta de revelar calquera información relativa aos centros de traballo onde desenvolvan as súas funcións.

CLÁUSULA SÉTIMA.- RESPONSABILIDADE CIVIL

A entidade adxudicataria deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores/as como para usuarios/as, cunha cobertura mínima de 600.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

-Copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

Ademáis dos seguros obrigatorios por Lei para a prestación da actividade obxecto do contrato.

En caso de accidente ou de perxuízo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, a empresa adxudicataria cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Lugo.

CLÁUSULA OITAVA.- FORMA DE PAGAMENTO.

O pago do servizo efectuarase, logo que o contratista presente con carácter mensual as correspondentes facturas, ditas facturas serán conformadas por persoal municipal.

CLÁUSULA NOVENA.- MEDIDAS EN CASO DE FOLGA

No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ó que pertence o persoal traballador adscrito ó servizo, a adxudicataria ou o adxudicatario comprométese a manter informada á entidade local das incidencias, e coordinará coa Concellería de Benestar Social os servizos mínimos.

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

Unha vez finalizada, a entidade adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, un informe -coa conformidade da persoa coordinadora do servizo- no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas ou servizos que se deixaron de realizar.

Unha vez comprobados os incumprimentos producidos como consecuencia da folga, a entidade municipal valorará as deducións que correspondan na factura. Esta valoración comunicaráselle por escrito ó contratista.

CLÁUSULA DÉCIMA.- O RÉXIME SANCIONADOR.

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infraccións se clasifican en leves, graves e moi graves.

Faltas Leves:

- a) Retraso ou descoido no cumprimento das obrigas.
- b) Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
- c) En xeral, a falta de puntualidade ou o incumprimento dos seus deberes por negligencia ou descuido excusable.
- d) Tódalas demais infraccións que non sexan graves ou moi graves.

Faltas graves:

- a) O trato incorrecto dos empregados da empresa cos usuarios/as.
- b) A falsidade ou falsificación dos servizos.
- d) Desobediencia grave das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
- c) En xeral, o incumprimento grave dos deberes e obrigas co usuario.
- d) Non garda-lo debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo prestado e que perxudique ó usuario ou ás familias empregándoo en proveito propio.

Faltas moi graves:

- a) O abandono do servizo, as faltas repetidas de puntualidade, a negligencia ou descuido continuado.
- b) A notoria falla de rendemento, a prestación incorrecta e defectuosa do Servizo, tanto na súa calidade como na cantidade.
- c) A negativa infundada a realiza-los servizos ou tarefas ordenados por escrito polos técnicos/as municipais ou persoas responsables, sempre que esta sexa unha actitude directamente imputable á empresa ou ós seus directivos responsables.
- d) Cualquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccions e roubo ós usuarios/as do servizo.

SERVICIOS SOCIALES

MJL

Refª: PREGOS VIXIANZA CENTROS DE CONVIVENCIA

Asunto: PREGOS CONTRATACION SERVICIO VIXIANZA

e) As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio ó usuario.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído a tal efecto serán as seguintes:

- a) No caso de faltas leves; multa ata 300 euros
- b) No caso de faltas graves; multa de 301 a 900 euros.
- c) No caso de faltas moi graves; multa de 901 a 1803 euros.

A imposición de sancions requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.